



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS POLA QUE SE DETERMINA O ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN EN GALICIA DAS MEDIDAS PARA RESPONDER A PROBLEMAS ESPECÍFICOS DOS SECTORES DE FROITAS E HORTALIZAS E VITIVINÍCOLA CAUSADOS POR FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS E POLAS PERTURBACIÓNS DO MERCADO

En aplicación do establecido no Real Decreto 785/2023, do 17 de outubro, polo que se desenvolven determinadas disposicións da Unión Europea que establecen medidas para responder a problemas específicos nos sectores de froitas e hortalizas e vitivinícola causados por fenómenos meteorolóxicos adversos e polas perturbacións do mercado,

RESOLVO:

As disposicións contidas no capítulo II do Real Decreto 785/2023, de 17 de outubro (BOE núm 249, do 18 de outubro de 2023) que inclúen medidas con excepcións temporais para flexibilizar os sectores de froitas e hortalizas e do viño serán de aplicación en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

(asinado dixitalmente)

